



# PRESENTADO O FESTIVAL DO TEATRO GALEGO 2023

Terá lugar en Nadal, do 13 ao 16 de decembro e abrirá as funcións unha obra infantil, de balde para o alumnado dos centros educativos do Carballiño.

Hoxe na presentación oficial na Deputación de Ourense estiveron presentes Diego Fernández, concelleiro de Cultura do Carballiño, César Fernández, vicepresidente segundo da Deputación provincial, e Carlos Ledo, director do festival.

O groso das funcións terá lugar ás 20.30 h no auditorio municipal a un prezo de 8 euros na venda anticipada, podendo mercar o **abono por 20 euros**. As entradas poderanse mercar en [ataquilla.com](http://ataquilla.com) ou ben a través da web [festivaldoteatrogalego.com](http://festivaldoteatrogalego.com). Xa na billeteira os prezos serán de 9 euros a función solta e 25 o abono. O evento contará, como é habitual, cunha programación variada e de calidade, con actores e actrices de recoñecido prestixio, tales como Guillermo Carbajo, Camila Bossa, Luís Iglesia, Casilda Alfaro, Mónica Camaño, Laura Míguez, Nerea Rodríguez, Luís Vázquez, Aldara Vázquez...

O FETE GA, que habitualmente se viña celebrando a primeira semana de setembro, **traslada a súa programación a decembro**, nas datas previas ao Nadal. A intención da organización é testar estas datas no calendario de cara ás vindeiras edicións e crear un costume de consumo de teatro na vila. Ademais, entre as novidades que incorporará, figurarán diversos sorteos entre o público asistente.

No marco do festival, único na nosa comunidade que conta con todas as obras en galego, entregaranse os **premios Dorotea Bárcena** ao mellor espectáculo, escollido polo público, así como o premio de honra.

## PROGRAMACIÓN FETE GA 2023

**FESTIVAL DO TEATRO GALEGO**  
**O CARBALLIÑO**  
**13-14-15-16**  
**DECEMBRO 2023**  
Auditorio Municipal

*festivaldoateatrogalego.com*  
*À venda desde o 28 de novembro*

**VENDA ANTICIPADA**  
 Entrada diaria: 8 €  
 Bono 3 días: 20 €  
+ gastos de xestión

Ataquilla  
 #FTEGA2023

---

**ANTÓN UN NENO DIFERENTE**  
DE BAÍLO **SESIÓN INFANTIL BARAFUNDA**  
 Dir: Luis Vázquez  
 Nerea Rodríguez, Luis Vázquez, Aldara Vázquez

**13**  
 Mércores  
 11:30 h

---

**O PEQUENO PONI**  
 REDRUM TEATRO  
 Dir: Alex Sampaño  
 Guillermo Carbajo e Laura Míguez

**14**  
 Xoves  
 20.30 h

---

**AS DAMAS DE FERROL**  
 TEATRO DO NOROESTE  
 Dir: Clara Gayo  
 Mónica Camaño e Casilda Alfaro

**15**  
 Venres  
 20.30 h

---

**TESTOSTERONA**  
 MALASOMBRA  
 Dir: Xoque Carbajal  
 Camila Bossa e Luis Iglesia

**16**  
 Sábado  
 20.30 h



**MÉRCORES 13 DE DECEMBRO**  
 TEATRO DE SALA PARA NENOS. Auditorio Municipal.



**ESPECTÁCULO:** ANTÓN, UN NENO DIFERENTE

**COMPAÑÍA:** Barafunda Teatro

**DATA:** mércores 13 de decembro de 2023

**HORA:** 11:30 h

**ESPAZO:** Auditorio Manuel María

**DRAMATURXIA:** Luis Vázquez

**DIRECCIÓN:** Luis Vázquez

**ELENCO:** Nerea Rodríguez, Luis Vázquez, Aldara Vázquez

**DURACIÓN:** 50 minutos

**SINOPSE:** Este espectáculo de teatro multidisciplinar de actores e títeres en diversas técnicas (sombras, bunraku, bocas grandes, obxectos) destaca a tradición oral de Galicia a través dalgúnhas personaxes mitolóxicas. A música, feita para a montaxe, é parte esencial para o desenvolvemento da historia.

Antón pretende, entre outras cousas, a través dunha historia fantástica, destacando valores como tolerancia, respecto pola diversidade, os efectos do acoso pero sobre todo, a tolerancia, afrontar obstáculos e acadar os obxectivos que nos propoñemos.

Trátase dun espectáculo dirixido ao público infantil e familiar. É unha montaxe feita en coprodución entre a nacente Compañía de teatro e monicreques Luart e a recoñecida compañía de Animación infantil Barafunda, cunha banda sonora producida por Héctor Rodríguez.

## XOVES 14 DE DECEMBRO

TEATRO DE SALA PARA ADULTOS. Auditorio Municipal.



ESPECTÁCULO: O PEQUENO PONI

COMPAÑÍA: Redrum Teatro

DATA: xoves 14 de decembro de 2023

HORA: 20:30 h

ESPAZO: Auditorio Manuel María

DRAMATURXIA: Paco Bezerra

DIRECCIÓN: Alex Sampayo

ELENCO: Guillermo Carbajo e Laura Míguez

DURACIÓN: 65 minutos

**SINOPSE:** Luismi é un neno de dez anos que vai a clase cunha mochila da súa serie de debuxos preferida, 'O meu pequeno poni'. Algo tan inocente esperta as burlas, vexacións e a violencia máis brutal dos seus compañeiros. Esta é unha obra sobre o acoso escolar, esa dolorosa realidade na que viven atrapados cada vez máis nenos e nenas de todo o mundo; unha reflexión acerca da liberdade, o medo e o instinto de protección; un retrato da cegueira, a ineptitude e os prexuízos sociais dos adultos. Esta obra está inspirada nos feitos reais que tiveron lugar en Estados Unidos durante o ano 2014.

O neno protagonista de 'O pequeno poni' non é produto da ficción construída por Paco Bezerra. Luismi é un neno de carne e óso. Existe e ten, desgraciadamente, moitísimos nomes. En Carolina do Norte, no ano 2014, o pequeno Grayson Bruce de nove anos, non puido entrar na súa escola despois de sufrir ataques físicos e verbais por parte dos seus compañeiros por levar unha mochila da serie de televisión "My little Pony". Sen pretendelo, a serie 'My little Pony' converteuse nun dos maiores símbolos da loita contra o acoso escolar a nivel mundial.

## VENRES 15 DE DECEMBRO

TEATRO DE SALA PARA ADULTOS. Auditorio Municipal.



ESPECTÁCULO: AS DAMAS DE FERROL

COMPAÑÍA: TEATRO DO NOROESTE

DATA: venres 15 de decembro de 2023

HORA: 20:30 h

ESPAZO: Auditorio Manuel María

AUTOR: Eduardo Alonso

DIRECCIÓN: Clara Gayo


ELENCO: Mónica Camaño, Casilda Alfaro

DURACIÓN: 70 minutos

**SINOPSE:** Dúas mulleres incapacitadas... Pero non incapaces. Dúas mulleres que crían inxenuamente no destino que se esperaba de/para elas. Dúas mulleres absolutamente frustradas e acusadas de non acadar un status social, económico e “romántico” que anhelaban e crían merecer, polo menos nalgún momento da súa vida. A frustración e a culpa teñen como resultados directos a violencia e a rabia, unha desesperación que perturba o xuízo e o sentido da realidade e, polo tanto, a construción dun universo ou realidade con regras propias que se converte en inferno. Pero, si, nun inferno coñecido. E como marco infinito, tanto físico como mental, real e espiritual, sitúase Ferrol. Un Ferrol vivido e vivencial, un Ferrol como espazo impreciso, máis interior que exterior, que todo colorea coa súa especial personalidade de cidade irrepitible nun país irrepitible no espazo e no tempo, tan irrepitible como inexistente..

## SÁBADO 16 DE DICIEMBRE

TEATRO DE SALA PARA ADULTOS. Auditorio Municipal.



ESPECTÁCULO: TESTOSTERONA

COMPAÑÍA: MALASOMBRA

DATA: sábado 16 de decembro 2023

HORA: 20:30 h

ESPAZO: Auditorio Manuel María

AUTORA: Sabina Berman

DIRECCIÓN: Xoque Carbajal

ELENCO: Camila Bossa e Luis Iglesia

DURACIÓN: 75 minutos

**SINOPSE:** O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu cargo en mans dun dos seus dous subdirectores. Un é unha muller, o outro un home. Que influirá nesa decisión?: a capacidade? o sexo? a experiencia? a audacia? o engano? a trampa?

Poderíamos dicir que a TESTOSTERONA é unha comedia, máis aínda, sendo posiblemente certo, que de pouco nos serviría a etiquetaxe, xa que só se referiría ao envase e o motivo da elección deste texto non está na forma, senón nos contidos que compoñen a peza.

TESTOSTERONA fala da desigualdade laboral; un home e unha muller solicitan un posto de máxima responsabilidade nun medio de comunicación nacional; Cal dos dous será elixido e por que? A autora mexicana Sabina Berman ofrécenos unha profunda reflexión sobre a desigualdade laboral por razón de xénero, e faino de tal xeito que nos sorprenderá cun sorriso nos beizos vendo as aventuras destes personaxes.

## PREMIOS

Os **PREMIOS DOROTEA BÁRCENA** son sen dúbida un dos principais valedores do prestixio do Festival do Teatro Galego. Cada ano, avalían o compoñente artístico, premia a calidade e promove a difusión cultural e o atractivo de produto presentado.

Denominados desde 2017 “**PREMIOS FETEGA DOROTEA BÁRCENA**”, o festival leva recoñecendo a labor dos artistas profesionais desde o 2006.

- MELLOR ESPECTÁCULO (escollido polo público)
- PREMIO DE HONRA (á traxectoria, outorgado pola organización)

É moi importante destacar a calidade artística da **figura escultórica** que adorna fisicamente a concesión do premio DOROTEA BÁRCENA.

### Escultura creada por Octavio Cerviño



Trátase dunha **escultura de cerámica esmaltada ao lume sobre ferro**, obra do artista e **escultor vigués Octavio Cerviño**. Máis de 30 anos creando esculturas de cerámica sobre ferro con esmalte ao lume. A figura que se entrega como premio de honra é unha peza deseñada polo artesán do esmalte Octavio Cerviño, que traballa a difícil técnica do esmalte vidrado. O artista traballa tamén para recoñecidas institucións e entidades que outorgan diferentes premios.

**Contacto:** Ramón Roldán (comunicación) | 658811400

festivaldoteatrogalego@gmail.com

